

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se procede ao nomeamento como persoal estatutario fixo e á adxudicación de destino definitivo aos/ás aspirantes seleccionados/as no concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo especialista de área convocado por Resolución do 18 de xuño de 2021 (Diario Oficial de Galicia número 123, do 30 de xuño).

Mediante a resolución desta dirección xeral do 18 de xuño de 2021 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 123, do 30 de xuño), convocouse o concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área.

A base décima da resolución de convocatoria establece que, unha vez adxudicados os destinos, se publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se declare finalizado o proceso selectivo, co nomeamento como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde e a asignación de destino daqueles/las aspirantes seleccionados/as que acrediten o cumprimento dos requisitos exixidos.

Ao abeiro da dita resolución, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Declarar finalizado o concurso-oposición para o ingreso na categoría de facultativo/a especialista de área convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 18 de xuño de 2021 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 123, do 30 de xuño) nas especialidades de cirurxía oral e maxilofacial, cirurxía pediátrica, cirurxía plástica, estética e reparadora, inmunoloxía e oncoloxía radioterápica.

Segundo. Nomear persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde os/as aspirantes seleccionados/as que se inclúen no anexo desta resolución, na categoría de facultativo especialista de área na especialidade que nel se indica.

Terceiro. Adxudicarlles aos/ás ditos/as aspirantes, con carácter de destino definitivo, a praza correspondente que figura no indicado anexo.



Cuarto. Os/as aspirantes nomeados/as disporán do prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para incorporarse á praza adxudicada.

De conformidade coa base décima da resolución de convocatoria do proceso, a toma de posesión da praza efectuarase no centro de xestión a que pertenza esta. A falta de incorporación no prazo referido, cando sexa imputable ao/á interesado/a e non responda a causas xustificadas, producirá o decaemento do seu dereito a obter a condición de persoal estatutario fixo como consecuencia do concreto proceso selectivo.

No entanto, en casos de forza maior e por instancia do/da interesado/a, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde poderá prorrogar o prazo de toma de posesión.

Quinto. De conformidade coa disposición adicional segunda do Decreto 70/2017, do 13 de xullo (*Diario Oficial de Galicia* núm. 145, do 1 de agosto), como condición para o perfeccionamento do nomeamento que se expida, os/as aspirantes seleccionados/as deberán realizar con carácter obrigatorio, nun prazo non superior aos seis meses contados desde a data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* do correspondente nomeamento como persoal estatutario fixo, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento en materia de igualdade de xénero e prevención e loita contra a violencia de xénero, previstas no artigo 4 da citada regulación.

Non terán que realizar esta actividade formativa os/as aspirantes seleccionados/as que a realizen con anterioridade, que conste rexistrada en Fides/expedient-e e fose debidamente validada.

Sexto. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición, ante esta dirección, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente na xurisdición contencioso-administrativa nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2023

Ana María Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos

CVE-DOG: u9vyqz39-zni9-vix1-yeh7-btrwl9hsqv97





ANEXO

Relación definitiva de adxudicatarios/as e destinos

Facultativo/a especialista da Área de Cirurxía Oral e Maxilofacial

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello
***6953**	Arenaz Búa, Jorge	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela	Santiago de Compostela
***4789**	Chávez Bonilla, Vanessa	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	A Coruña
***4818**	Megias Barrera, Joaquim	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela	Santiago de Compostela

Facultativo/a especialista da Área de Cirurxía Pediátrica

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello
***0295**	Aneiros Castro, Belén	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo
***3072**	García González, Miriam	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	A Coruña
***6239**	García Palacios, María	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela	Santiago de Compostela
***3704**	Lema Carril, Ana	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	A Coruña
***5320**	Rodríguez Iglesias, Patricia	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense

Facultativo/a especialista da Área de Cirurxía Plástica, Estética e Reparadora

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello
***4259**	Couto González, Iván	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela	Santiago de Compostela
***5938**	Gago Vidal, Bruno	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo
***7636**	González Porto, Sara Alicia	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo



DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello
***7629**	González Rodríguez, Alba	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	A Coruña
***4104**	Pacheco Compañía, Francisco Javier	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	A Coruña

Facultativo/a especialista da Área de Inmunoloxía

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello
***9392**	Abad Alastruey, María Luisa	Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos-ADOS	Axencia Gallega de Sangue, Órganos e Tecidos-ADOS-Santiago de Compostela	Santiago de Compostela
***2842**	Mirete Bachiller, Serafín	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo

Facultativo/a especialista da Área de Oncoloxía Radioterápica

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello
***4949**	Formoso García, Inés	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo
***2754**	Martínez Agra, Marta	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo
***1227**	Ramírez Vargas, Rubén Darío	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense
***4742**	Rodríguez de Dios, Nuria	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense
***0702**	Taboada Valladares, María Begoña	Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.	Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.-Vigo	Vigo
***8314**	Willisch Santamaría, Patricia	Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.	Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.-Vigo	Vigo